



**Materia: EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS.**

**Curso: 3º ESO.**

**CONTIDOS**

**1ª AVALIACIÓN**

- Ser cos demais.
- O teu nome.
- Un pacto de liberdade.

**2ª AVALIACIÓN**

- Un mundo libre e seguro.
- O cambio nas túas mans.
- Decidir non é tarefa doada.

**3ª AVALIACIÓN**

- As desigualdades son cousa de todos.
- Lets go for the climate.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Consúltense na programación didáctica**

**METODOLOXÍA**

A secuenciación habitual do traballo na aula consistirá nunha información básica para todo o alumnado dos conceptos básicos da materia, aportando tamén, cando proceda, información complementaria para o afondamento e ampliación dos contidos. No caso de alumnos que, na avaliación inicial, presenten deficiencias de base académica, se lles buscará material complementario de reforzo e apoio. A explicación dos contidos se levará a cabo mediante presentacións proxectadas na pizarra dixital da aula, nas cales se atopan elementos textuais, imaxes e vídeos que favorezan a comprensión.

Seguidamente se procederá á lectura de documentos para practicar a comprensión de textos, tratando de reforzar no alumnado as operacións intelectuais de análise e síntese.

Nalgúns casos se utilizará o apoio de pequenos anacos de materiais audiovisuais (documentais ou películas) como apoio á comprensión dos conceptos fundamentais da materia.

Para a materia de Educación en valores cívicos e éticos da ESO se tomarán como referencia os contidos colgados na plataforma EDIXGAL.

**CRITERIOS DE CALIFICACIÓN**

A materia de Educación en valores cívicos e éticos de 3º de ESO será avaliada atendendo á seguinte porcentaxe:

80% probas/tarefas escritas

20% seguimento do traballo diario según a táboa de indicadores.

A nota de cada avaliación será construída seguindo estes porcentaxes, e unha vez avaliados será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 entre os dous para aprobar o trimestre.

Cráterios procedementais necesarios para superar a materia:

1.) Realizarase unha ou varias actividades trimestrais que suporán o 80% da nota. Estas actividades deberán estar escritas a man e presentadas para a súa corrección nas datas e horas sinaladas para tal efecto, agás no caso de ausencia xustificada. Nese caso excepcional, o/a alumno/a presentará o preceptivo xustificante e, unha vez verificado, o profesor concordará unha nova data e hora de entrega. Doutro xeito será considerado como incomparecencia e cualificado/a como non presentado/a cunha nota numérica de 0.

2.) Para aprobar a avaliación o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 puntos entre a parte da proba escrita (80%) e o seguimento do traballo diario según a táboa de indicadores (20%). No caso de ter que redondear a nota se seguirá o seguinte criterio:

- Toda nota que teña como decimal un número igual a 0,5 ou inferior se redondeará ao número enteiro inmediatamente inferior.

- Toda nota que teña como decimal un número superior a 0,5 se redondeará ao número enteiro inmediatamente superior.

3.) Os alumnos/as que suspenderan unha ou varias avaliacións deberán recuperalas mellorando significativamente tanto o seu rendemento nas probas escritas como no que respecta ao traballo na aula. A repetición de actividades suspensas terá lugar antes da avaliación final.

4.) Para superar a materia na avaliación final o alumno/a deberá ter unha media de 5 entre todas as avaliacións. A nota final de curso será a media numérica de todas as avaliacións. No caso de ter que redondear a nota se seguirá o seguinte criterio:

- Toda nota que teña como decimal un 0,5 ou inferior se redondeará ao número enteiro inmediatamente inferior.

- Toda nota que teña como decimal un número superior a 0,5 se redondeará ao número enteiro inmediatamente superior.

Criterios de cualificación relativos á exposición dos contidos:

1.) Os/As alumnos/as deben amosar un coñecemento adecuado dos autores, correntes éticas ou escolas ás que pertencen explicando correctamente os conceptos fundamentais, teses e teorías propias da materia. Valorarase negativamente o descoñecemento ou falta de dominio dos conceptos, correntes e teorías éticas.

2.) Os contidos das actividades deben estar organizados e expostos dun xeito lóxico, claro e coherente. Penalizarase a desorde na exposición dos contidos, a falta de rigor conceptual e a incoherencia lóxica na explicación das ideas.

3.) Nos traballos, valorarase a precisión dos datos aportados, a claridade nas explicacións e o uso correcto dos conceptos éticos. Valorarase moi negativamente a alteración de conceptos, nomes, correntes, teorías e títulos das obras.

4.) Débese empregar un vocabulario axeitado e correcto para expor os contidos da materia. Valorarase moi negativamente a falta de vocabulario técnico, a introdución de conceptos no discurso sen unha e explicación clara do seu significado, así como a alteración de conceptos, entendendo por tal, escribilos de xeito incorrecto e cambialos por outros erróneos, que non existan ou que non teñan nada que ver co asunto a tratar.

5.) O/A alumno/a debe cingirse nas respostas das actividades ao que se lle pregunta. Valorarase negativamente os traballos onde se desenvolvan contidos que non teñen relación directa co que se pregunta ou cuxa relación estea afastada do asunto a tratar ou sexa inxustificada.

6.) Cando proceda, o alumnado debe amosar a súa madurez elaborando un comentario persoal claro, rigoroso, argumentado e centrado na temática a tratar. Valorarase negativamente as opinións embarulladas, sen fío argumental, pouco ou nada argumentadas e non centradas no tema que hai que desenvolver.

Criterios de cualificación relativos á participación e traballo diario:

1.) Tanto na cualificación das actividades trimestrais coma, especialmente, na cualificación final de curso, terase en conta a actitude do alumno/a de cara á materia. Neste sentido, valorarase os seguintes elementos:

a) A atención en clase.

- b) A participación activa na clase naquelas actividades que lle fosen solicitadas polo profesor.
- c) Contestar correctamente ás preguntas formuladas polo profesor.
- d) Amosar sempre un comportamento correcto cara ao resto dos compañeiros, ao profesor e ao material da aula (mesas, cadeiras, dicionarios, libros de texto, etcétera).
- e) Preguntar dúbidas sobre os contidos da materia de cara a realizar o mellor posible os traballos do trimestre.
- f) Amosar esforzo continuado por superar a materia, traballando para mellorar as destrezas e superar as dificultades recollendo as suxestións feitas polo profesor.
- g) O esforzo do/a alumno/a por corrixir tanto os erros formais e conceptuais coma as faltas de ortografía que poida cometer.

<b>NOTA FINAL</b>	<p>Para superar a materia na avaliación final o alumno/a deberá ter unha media de 5 entre todas as avaliacións. A nota final de curso será a media numérica de todas as avaliacións. No caso de ter que redondear a nota se seguirá o seguinte criterio:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Toda nota que teña como decimal un 0,5 ou inferior se redondeará ao número enteiro inmediatamente inferior.</li> <li>- Toda nota que teña como decimal un número superior a 0,5 se redondeará ao número enteiro inmediatamente superior.</li> </ul>
-------------------	---

Sarria, a 11 de setembro de 2023.

O/a profesor/a

Asdo: .....

**Materia: FILOSOFÍA.**

**Curso: 1º BACHARELATO.**

## CONTIDOS

### 1ª AVALIACIÓN

- Filosofía: sentido, necesidade e historia.  
- Funcións e vixencia da filosofía.  
- Características da filosofía.  
- Disciplinas teórico-prácticas do saber filosófico.  
- Racionalidade teórica e práctica.  
- A metafísica como explicación teórica da realidade.  
- Pregunta polo ser como punto de partida da filosofía: Platón fronte a Aristóteles.

### 2ª AVALIACIÓN

- Teoría do coñecemento.  
- Graos e ferramentas do coñecer.  
Razón, entendemento e sensibilidade.  
- As teorías da verdade.  
- Retórica e composición do discurso.  
- Argumentación: regras e ferramentas do diálogo e a demostración de argumentos.  
- Cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia e a necesidade de transcendencia.

### 3ª AVALIACIÓN

- Racionalidade teórica e práctica.  
- A ética como reflexión da acción moral: carácter, conciencia e madurez moral.  
- Relativismo e universalismo moral.  
- Principais interrogantes da filosofía política.  
- Realismo político: Maquiavelo.  
- Contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau, Montesquieu.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Consúltense na programación didáctica**

## METODOLOXÍA

Os métodos de aprendizaxe a utilizar por parte do profesor serán:

- As clases maxistras para explicar os contidos da materia.
- A explicación das pautas a seguir para poder realizar as actividades propostas na materia de Filosofía de 1º de bacharelato.
- A lectura e interpretación de documentos na clase para practicar a comprensión de textos.
- A utilización de fragmentos de documentais e películas como apoio para a comprensión dos conceptos fundamentais da materia.
- A resolución de dúbidas e problemas de cara ás probas trimestrais.
- A insistencia ante os alumnos da necesidade do estudo progresivo baseado nunha memorización comprensiva.

A secuenciación habitual do traballo na aula consistirá nunha información básica para todo o alumnado dos conceptos básicos da materia, aportando tamén, cando proceda, información complementaria para o afondamento e ampliación dos contidos. A explicación dos contidos se levará a cabo mediante presentacións proxectadas na pizarra dixital da aula, nas cales se atopan elementos textuais, imaxes e vídeos que favorezan a comprensión.

Seguidamente se procederá á lectura de documentos para practicar a comprensión de textos, tratando de reforzar no alumnado as operacións intelectuais de análise e síntese.

Nalgúns casos se utilizará o apoio de pequenos anacos de materiais audiovisuais (documentais ou películas) como apoio á comprensión dos conceptos fundamentais da materia.

Se favorecerá o intercambio de pareceres entre o alumnado respecto ao tema filosófico tratado e se observará o grao de participación, orde e claridade argumentativa dos participantes.

- Así mesmo, proporcionarase aos alumnos e alumnas materiais complementarios tales como: textos para comentar, así como vocabulario e fotocopias para ampliar algúns apartados do temario e así favorecer a comprensión dos temas e conceptos sinalados. Todos os materiais estarán dispoñibles para o alumnado a través da Aula Virtual do centro.
- O departamento de filosofía ten habilitada unha conta de correo electrónico cuxo enderezo é [xograrfilosofia@gmail.com](mailto:xograrfilosofia@gmail.com). Mediante ela, os alumnos poden dirixirse ao profesor para preguntarlle dúbidas de cara a realizar as actividades do trimestre.

## CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

### A) Criterios procedementais necesarios para superar a materia:

1.) Realizarase un exame trimestral que constará de comentario de texto, valorado en 5 puntos, e dúas preguntas de desenvolvemento teórico, valoradas en 2 puntos cada unha delas, sobre os contidos impartidos na avaliación. O exame será cualificado en base aos criterios especificados para esta materia na programación. Para superar a proba será preciso obter unha puntuación mínima de 5. Toda cualificación inferior a 5 na avaliación será considerada suspenso.

A nota de cada trimestre se construíra do seguinte xeito:

90% A proba escrita.

10% A participación na clase, a entrega de comentarios de texto para practicar, a consulta de dúbidas e mostrar unha actitude dialogante e racional según se recolle na táboa de indicadores.

No caso de ter que redondear a nota se fará do seguinte xeito:

- Cando o decimal sexa igual ou inferior a 0,5 se redondeará ao número enteiro inmediatamente inferior.

- Cando o decimal sexa superior a 0,5 se redondeará ao número enteiro inmediatamente superior.

2.) Superarán a materia na convocatoria ordinaria aqueles alumnos que aproben as tres avaliacións. No caso de ter suspensa **unha** avaliación, farase a media entre as notas dos tres trimestres, sempre e cando a nota da avaliación suspensa non sexa inferior a 3. Se a nota media resultante é como mínimo 5, o alumno/a aprobará a materia. No caso de que a nota da avaliación suspensa sexa inferior a un 3, non se lle realizará a media e o/a alumno/a terá a materia suspensa.

No caso de que, realizada a media das tres avaliacións, non se acade unha nota mínima de 5, os alumnos suspensos deberán recuperar a avaliación ou avaliacións que non teñan aprobadas. Para iso realizarase unha proba a final de curso e nela os alumnos/as deberán de aprobar todas as avaliacións suspensas. Dita proba constará de comentario de texto, valorado con 5 puntos, e dúas preguntas de desenvolvemento teórico valoradas en 2,5 puntos cada unha delas sobre os contidos das avaliacións a recuperar. É necesario sacar como mínimo 5 puntos no exame de recuperación para poder aprobar a convocatoria ordinaria, en caso contrario estará suspensa. Para aqueles alumnos/as que tivesen que realizar algunha recuperación o cómputo da media realizarase sempre coa nota obtida na recuperación.

A nota da avaliación ordinaria se constrúe facendo a media aritmética das notas das tres

avaliacións. No caso de ter que redondear a nota se fará do seguinte xeito:

- Cando o decimal sexa igual ou inferior a 0,5 se redondeará ao número enteiro inmediatamente inferior.
- Cando o decimal sexa superior a 0,5 se redondeará ao número enteiro inmediatamente superior.

3.) Todo/a alumno/a se deberá de presentar a realizar as probas co grupo ao que pertence nas datas e horas sinaladas para tal efecto, agás no caso de ausencia xustificada, nese **caso excepcional**, o/a alumno/a deberá de acordar co profesor unha nova data e hora. Doutro xeito será considerado como incomparecencia e será cualificado/a como non presentado/a e a nota numérica para realizar a media será equivalente a un **0**.

4.) **No tempo do exame os móbiles deben estar apagados (non en silencio ou modo avión), e tamén está terminantemente prohibido o uso de reloxos intelixentes. Se un alumno/a ignora estas prohibicións lle será retirado inmediatamente o exame e cualificado cun 0. O/A alumno/a que copie nas probas escritas será cualificado/a con cero puntos en ditas probas.**

A **incomparecencia** sen xustificar a un exame suporá un **cero** no mesmo, e no caso de ser a recuperación será a nota coa que se lle valorará a efectos de avaliación final. Cando o/a alumno/a presente o xustificante, unha vez verificado, queda a criterio do profesor establecerlle outra data para facelo.

5.) Os/As alumnos/as deben realizar obrigatoriamente comentarios de texto cando o profesor así o dispoña e ser puntuais na entrega dos mesmos para a súa corrección. O profesor reservarase o dereito a non recoller os traballos fóra da data sinalada para a súa entrega na clase, podendo un alumno ou alumna non obter a cualificación de aprobado debido a este motivo.

6.) O alumno/a que non superase a materia de Filosofía na convocatoria ordinaria deberá de presentarse a realizar un exame na **convocatoria extraordinaria**, onde se lle examinará de toda a programación impartida durante o curso académico mediante unha proba que constará de comentario de texto –valorado en **5** puntos- e dúas preguntas –valoradas en **2’5** puntos- de desenvolvemento teórico. Para superar a materia na convocatoria extraordinaria o/a alumno/a deberá de obter unha puntuación mínima de **5** no exame.

#### **A) Criterios de cualificación relativos á redacción e presentación das probas:**

- 1.) Valorarase moi positivamente unha boa presentación da proba, é dicir, letra lexible e clara, respectar adecuadamente as marxes en todas as follas, escribir recto e evitar os borranchos. O profesor penalizará **até un punto como máximo** a aqueles exames onde non se respecten as marxes, as liñas estean torcidas, a presentación sexa sucia ou desaliñada por continuos borranchos e a letra sexa pouco clara ou difícil de entender. No caso de que a proba presente unha letra excesivamente difícil de ler ou ilexible o profesor se reservará o dereito a interromper a lectura da proba. Neste caso, o exame será cualificado con **0** puntos e así se lle fará constar ao alumno/a na corrección.
- 2.) Prestarase especial atención á expresión escrita, valorándose positivamente unha correcta construción sintáctica nas frases, un uso adecuado dos signos ortográficos e a utilización dun vocabulario correcto e ben empregado. Valorarase moi negativamente os continuos erros de expresión escrita no exame, ben por unha incorrecta estrutura sintáctica, falta de suxeito claro na oración, utilización indebida de signos ortográficos (comas, puntos, signos de admiración ou interrogación...), ou ben pola utilización dun vocabulario ortograficamente incorrecto ou errado. O profesor poderá penalizar **até un punto como máximo (1)** o exame ou traballo que presente continuos erros deste tipo, o que se lle fará constar ao alumno/a na corrección.
- 3.) **No caso de actividades ou traballos feitos con procesador de textos**, é ineludible facelos no tipo e tamaño de letra especificados polo profesor, así como presentar o exercicio cos marxes xustificadas. O profesor poderá penalizar até un punto (1) como máximo a actividade que se entregue nun tipo de letra e tamaño distintos aos marcados ou non teña os marxes debidamente xustificadas. Por outra banda se prestará especial atención a teclear correctamente as palabras e gardar os preceptivos espazos entre elas. A actividade ou traballo que presente continuos erros de transcripción nas palabras (que aparezan mal escritas, que

lles falten letras ou que algunha delas non teña senso), ou que presente un espazo incorrecto entre palabras ou signos ortográficos serán penalizados até un punto (1) como máximo. Todos os erros cometidos se farán constar aos alumnos nas correccións.

## **B) Criterios de cualificación relativos á exposición dos contidos:**

- 1.) Os/As alumnos/as deben amosar un coñecemento adecuado dos autores, correntes filosóficas ou escolas ás que pertencen explicando correctamente os conceptos fundamentais, teses e teorías filosóficas da materia. Así mesmo, deben amosar un coñecemento suficiente e detallado do marco histórico e contextual que fixo posible e alentou a súa reflexión. Valorarase negativamente o descoñecemento ou falta de dominio do pensamento do autor e do marco histórico no que viviu e desenvolveu a súa obra.
- 2.) Os contidos do exame deben estar organizados e expostos dun xeito lóxico, claro e coherente. Penalizarase a desorde na exposición dos contidos, a falta de rigor conceptual e a incoherencia lóxica na explicación das ideas.
- 3.) Na contextualización do autor, valorarase a precisión dos datos aportados e que estean cronoloxicamente ben ordenados. Valorarase moi negativamente a alteración de datas, nomes propios, lugares xeográficos e títulos das obras.
- 4.) É ineludible facer o comentario de texto proposto. O alumno ou alumna debe identificar claramente o tema principal, as partes nas que se divide o texto, as ideas máis importantes, os argumentos expostos, as teses que defende o autor ou que pretende refutar; e explicar todos os conceptos do vocabulario técnico necesarios para a súa comprensión. Na materia de filosofía a proba nuclear é o comentario de texto, por iso, dada a súa importancia, o profesor reservase o dereito de valorar con **0** puntos o apartado de comentario naqueles exames onde non se realice o comentario de texto, o/a alumno/a apenas se centre nel para explicalo ou claramente o utilice como mero pretexto para desenvolver a teoría.
- 5.) Débese empregar un vocabulario filosófico axeitado e correcto para expor o pensamento dos autores. Valorarase moi negativamente a falta de vocabulario técnico, a introdución de conceptos no discurso sen unha explicación clara do seu significado, así como a alteración de conceptos, entendendo por tal, escribilos de xeito incorrecto e cambialos por outros erróneos, que non existan ou que non teñan nada que ver co asunto a expor.
- 6.) O/A alumno/a debe cingirse nas respostas do exame ao que se lle pregunta. Valorarase negativamente as probas onde se desenvolvan contidos que non teñen relación directa co que se pregunta ou cuxa relación estea afastada do asunto a tratar ou sexa inxustificada.
- 7.) O alumnado debe amosar a súa madurez elaborando un comentario persoal claro, rigoroso, argumentado e centrado na temática a tratar. Valorarase negativamente as opinións embarulladas, sen fío argumental, pouco ou nada argumentadas e non centradas no tema que hai que desenvolver.

## **C) Criterios de cualificación relativos á actitude cara á materia.**

- 1.) Tanto na cualificación dos exames trimestrais coma, especialmente, na cualificación final de curso, terase en conta a actitude do alumno/a de cara á materia. Neste sentido, valorarase os seguintes elementos:

- a) A atención en clase.
- b) A participación activa na clase naquelas actividades que lle fosen solicitadas polo profesor.
- c) Contestar correctamente ás preguntas formuladas polo profesor.
- d) Amosar sempre un comportamento correcto cara ao resto dos compañeiros, ao profesor e ao material da aula (mesas, cadeiras, dicionarios, libros de texto...).
- e) Facer comentarios de texto para practicar.
- f) Preguntar dúbidas sobre os contidos da materia de cara aos exames.
- g) Amosar esforzo continuado por superar a materia, traballando para mellorar as destrezas e superar as dificultades recollendo as suxestións feitas polo profesor.
- h) O esforzo do/a alumno/a por corrixir tanto os erros formais e conceptuais coma as faltas de ortografía que poida cometer.

i) A expresión de actitudes incorrectas: insultos, frases racistas ou sexistas, mostrar menosprezo polos compañeiros ou outros membros da comunidade académica serán avaliadas de forma negativa coa perda de puntuación sobre a nota media da avaliación final.

NOTA FINAL

Superarán a materia na convocatoria ordinaria de xuño aqueles alumnos que aproben as tres avaliacións. No caso de **ter suspensa unha avaliación**, farase a media entre as notas dos tres trimestres, sempre e cando a nota da avaliación suspensa non sexa inferior a **3**. Se a nota media resultante é como mínimo **5**, o alumno/a aprobará a materia. No caso de que a nota da avaliación suspensa sexa **inferior** a un **3**, **non** se lle realizará a media e o/a alumno/a terá a materia suspensa. De ningún xeito se lles fará a media a aqueles alumnos/as que teñan máis dunha avaliación suspensa. No caso de que, realizada a media das tres avaliacións, non se acade unha nota mínima de 5, os alumnos suspensos deberán recuperar a avaliación ou avaliacións que non teñan aprobadas. Para iso realizarase unha proba a final de curso e nela os alumnos/as deberán de aprobar todas as avaliacións suspensas. Dita proba constará de comentario de texto, valorado con **5** puntos, e dúas preguntas de desenvolvemento teórico valoradas en **2'5** puntos cada unha delas sobre os contidos das avaliacións a recuperar. Será necesario acadar un mínimo de **5** puntos para aprobar e obter un mínimo de 5 na **media** das tres avaliacións para superar a materia na convocatoria ordinaria. Para aqueles alumnos/as que tivesen que realizar algunha recuperación o cómputo da media realizarase sempre coa nota obtida na recuperación. Para todos os alumnos, no caso de que sexa necesario redondear a nota, **o profesor se reserva o dereito de decidir en cada caso concreto** se dito redondeo é cara arriba ou cara abaixo dependendo da actitude e comportamento que mostrara o alumno/a ante a materia, os seus compañeiros e o profesor durante todo o curso.

O alumno/a que non superase a materia de Filosofía na convocatoria ordinaria deberá de presentarse a realizar un exame na **convocatoria extraordinaria**, onde se lle examinará de toda a programación impartida durante o curso académico mediante unha proba que constará de comentario de texto –valorado en **5** puntos- e dúas preguntas –valoradas en **2'5** puntos- de desenvolvemento teórico. Para superar a materia na convocatoria extraordinaria o/a alumno/a deberá de obter unha puntuación mínima de **5** no exame.

Sarria, a 11 de setembro de 2023.

O/a profesor/a



Asdo: .....



**Materia: HISTORIA DA FILOSOFÍA.**

**Curso: 2º BACHARELATO.**

## CONTIDOS

### 1ª AVALIACIÓN

- Filosofía grega.
- Filosofía medfieval.

### 2ª AVALIACIÓN

- Filosofía moderna.
- Filosofía ilustrada.

### 3ª AVALIACIÓN

- Filosofía contemporánea: século XIX.
- Filosofía séculos XX e XXI.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Consúltense na programación didáctica**

## METODOLOXÍA

As orientacións metodolóxicas nesta materia orientanse a:

- Espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados noutras etapas históricas mediante a planificación de contextos e estratexias de aprendizaxe que o acheguen ao seu contexto vivencial, establecendo similitudes con problemas actuais.
- Propiciar a autonomía na busca e procesamento da información para os temas tratados.
- Promover a lectura e análise de textos filosóficos e a elaboración de comentarios sobre eles que inclúan reflexións críticas argumentadas.
- Propoñer a planificación e elaboración, por parte das alumnas e dos alumnos, de traballos de investigación ou creación que potencien a relación da filósofa ou filósofo con outras materias e contextos culturais.
- Mellorar as estratexias de procura de información, xestión e creación de coñecemento a través da Rede.
- Formular as diversas actividades con diferente grao de complexidade en función dos recursos cognitivos necesarios para realizalas, coa dobre finalidade de atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e unha motivación progresiva cara a niveis de maior complexidade.
- Promoverase nos alumnos e nas alumnas a capacidade de determinar cales son as súas propias necesidades de información, tanto xeral coma específica e como satisfacelas ensinándolle a distinguir a información e súa calidade e pertinencia.
- Finalmente, o exercicio da composición fomentará a capacidade de determinar enfoques propios a temas tradicionais, xunto coa capacidade de establecer relacións e de argumentar, habilidades todas elas necesarias para acadala madurez intelectual.

En cada unidade o profesorado fará unha selección de textos (tendo en conta os seleccionados para as ABAU) e exercitará a técnica de lectura, comprensión e expresión escrita e oral do alumnado tendo de referencia o vocabulario filolóxico específico.

A metodoloxía será activa e participativa, na que ao mesmo tempo se propiciará a escoita activa do alumnado entre si tamén do profesorado.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa

ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaráranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

Cada unidade didáctica contará cos seguintes elementos:

1. Unha selección de textos filosóficos (referencia os propostos pola CIUG)
2. Unha explicación teórica por parte da profesora ou profesor para achegar os contidos
3. Exercitación da técnica de lectura e comprensión de textos
4. Exercitación da expresión escrita e oral en base ao vocabulario técnico e a precisión conceptual que requira cada teoría filosófica.

O tipo de actividades que se levarán a cabo, adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a, traballando a profundización en diversos aspectos da Historia da Filosofía.. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

## **CRITERIOS DE CALIFICACIÓN**

### **A) Criterios procedementais necesarios para superar a materia:**

1.) Realizarase un exame trimestral que constará de dúas partes: a) O desenvolvemento dunha cuestión e o comentario dun fragmento ilustrativo da mesma. A cualificación máxima desta primeira parte será de **6** puntos (3 para o comentario e 3 para a resposta á cuestión). b) O desenvolvemento dunha cuestión temática. A cualificación máxima desta segunda parte será de **4** puntos. O exame será cualificado en base aos criterios especificados para esta materia na

programación. Para superar a proba será preciso obter unha puntuación mínima de **5**. Toda cualificación inferior a **5** na avaliación será considerada suspenso.

**2.)** Superarán a materia na convocatoria ordinaria de maio aqueles alumnos que acaden o aprobado segundo os pesos establecidos nesta programación. No caso de que non se acade o aprobado, os alumnos suspensos deberán recuperar a avaliación ou avaliacións que non teñan aprobadas. Para iso realizarase unha proba a final de curso que terá a mesma estrutura e puntuación descrita anteriormente. Será necesario acadar un mínimo de **5** puntos no exame de recuperación ou acadar o aprobado segundo os pesos establecidos para superar a materia na convocatoria ordinaria. Para aqueles alumnos/as que tivesen que realizar algunha recuperación o cómputo da media final realizarase sempre coa nota obtida na recuperación. Para todos os alumnos, cando sexa necesario redondear a nota, tanto nos trimestres coma na cualificación final, se seguirá sempre o seguinte criterio: toda nota rematada en 0'5 ou inferior, se redondeará sempre ao número enteiro inmediatamente inferior; e toda nota superior a 0'5 se redondeará sempre ao número enteiro inmediatamente superior. A pesar do redondeo cara á baixa nas avaliacións, a nota final se construírá tendo sempre en conta os decimais.

**3.)** Todo/a alumno/a se deberá de presentar a realizar as probas co grupo ao que pertence nas datas e horas sinaladas para tal efecto, agás no caso de ausencia xustificada, nese **caso excepcional**, o/a alumno/a deberá de acordar co profesor unha nova data e hora. Cando o/a alumno/a presente o xustificante, unha vez verificado, o profesor establecerá unha nova data para facelo. En caso contrario será considerado como incomparecencia e será cualificado/a como non presentado/a e a nota numérica para realizar a media será equivalente a un **0**.

**4.)** **No tempo do exame os móbiles deben estar apagados (non en silencio ou modo avión), e tamén está terminantemente prohibido o uso de reloxos intelixentes. Se un alumno/a ignora estas prohibicións lle será retirado inmediatamente o exame e cualificado cun 0. O/A alumno/a que copie nas probas escritas será cualificado/a con cero puntos en ditas probas.**

**5.)** O alumno ou alumna que non superase a materia de Historia da filosofía na convocatoria ordinaria deberá de presentarse a realizar un exame na **convocatoria extraordinaria**, onde se lle examinará de toda a programación impartida durante o curso académico mediante unha proba que constará de dúas partes: a) O desenvolvemento dunha cuestión e o comentario dun fragmento ilustrativo da mesma. A cualificación máxima desta primeira parte será de **6** puntos (3 para o comentario e 3 para a resposta á cuestión). b) O desenvolvemento dunha cuestión temática. A cualificación máxima desta segunda parte será de **4** puntos. Para superar a materia na convocatoria extraordinaria o/a alumno/a deberá de obter unha puntuación mínima de **5** no exame.

## **B) Criterios de cualificación relativos á redacción e presentación das probas:**

**1)** Valorarase moi positivamente unha boa presentación da proba, é dicir, letra lexible e clara, respectar adecuadamente as marxes en todas as follas, escribir recto e evitar os borranchos. O profesor penalizará **até un punto como máximo** a aqueles exames onde non se respecten as marxes, as liñas estean torcidas, a presentación sexa sucia ou desaliñada por continuos borranchos e a letra sexa pouco clara ou difícil de entender. No caso de que a proba presente unha letra excesivamente difícil de ler ou ilexible o profesor se reservará o dereito a interromper a lectura da proba. Neste caso, o exame será cualificado con **0** puntos e así se lle fará constar ao alumno/a na corrección.

**2)** Prestarase especial atención á expresión escrita, valorándose positivamente unha correcta construción sintáctica nas frases, un uso adecuado dos signos ortográficos e a utilización dun vocabulario correcto e ben empregado. Valorarase moi negativamente os continuos erros de expresión escrita no exame, ben por unha incorrecta estrutura sintáctica, falta de suxeito claro na

oración, utilización indebida de signos ortográficos (comas, puntos, signos de admiración ou interrogación...), ou ben pola utilización dun vocabulario ortograficamente incorrecto ou errado. O profesor poderá penalizar **até un punto como máximo** o exame que presente continuos erros deste tipo, o que se lle fará constar ao alumno/a na corrección.

### **C) Criterios de cualificación relativos á exposición dos contidos:**

**1)** Os/As alumnos/as deben amosar un coñecemento adecuado dos autores, correntes filosóficas ou escolas ás que pertencen explicando correctamente os conceptos fundamentais, teses e teorías filosóficas da materia. Así mesmo, deben amosar un coñecemento suficiente e detallado do marco histórico e contextual que fixo posible e alentou a súa reflexión. Valorarase negativamente o descoñecemento ou falta de dominio do pensamento do autor e do marco histórico no que viviu e desenvolveu a súa obra.

**2)** Os contidos do exame deben estar organizados e expostos dun xeito lóxico, claro e coherente. Penalizarase a desorde na exposición dos contidos, a falta de rigor conceptual e a incoherencia lóxica na explicación das ideas.

**3)** Na contextualización do autor, valorarase a precisión dos datos aportados e que estean cronoloxicamente ben ordenados. Valorarase moi negativamente a alteración de datas, nomes propios, lugares xeográficos e títulos das obras.

**4)** É ineludible facer o comentario de texto proposto. O alumno ou alumna debe identificar claramente o tema principal, as partes nas que se divide o texto, as ideas máis importantes, os argumentos expostos, as teses que defende o autor ou que pretende refutar; e explicar todos os conceptos do vocabulario técnico necesarios para a súa comprensión. Na materia de filosofía a proba nuclear é o comentario de texto, por iso, dada a súa importancia, o profesor reservase o dereito de valorar con **0** puntos o apartado de comentario naqueles exames onde non se realice o comentario de texto, o/a alumno/a apenas se centre nel para explicalo ou claramente o utilice como mero pretexto para desenvolver a teoría.

**5)** Débese empregar un vocabulario filosófico axeitado e correcto para expor o pensamento dos autores. Valorarase moi negativamente a falta de vocabulario técnico, a introdución de conceptos no discurso sen unha explicación clara do seu significado, así como a alteración de conceptos, entendendo por tal, escribilos de xeito incorrecto e cambialos por outros erróneos, que non existan ou que non teñan nada que ver co asunto a expor.

**6)** O/A alumno/a debe cingirse nas respostas do exame ao que se lle pregunta. Valorarase negativamente as probas onde se desenvolvan contidos que non teñen relación directa co que se pregunta ou cuxa relación estea afastada do asunto a tratar ou sexa inustificada.

**7)** O alumnado debe amosar a súa madurez elaborando un comentario persoal claro, rigoroso, argumentado e centrado na temática a tratar. Valorarase negativamente as opinións embarulladas, sen fío argumental, pouco ou nada argumentadas e non centradas no tema que hai que desenvolver.

**Avaliación ordinaria:**

No caso de que, realizada a media das tres avaliacións, non se acade unha nota mínima de 5, os alumnos suspensos deberán recuperar a avaliación ou avaliacións que non teñan aprobadas. Para iso realizarase unha proba a final de curso e nela os alumnos e alumnas deberán de aprobar todas as avaliacións suspensas. Dita proba terá a mesma estrutura e puntuación descrita anteriormente. Será necesario acadar un mínimo de **5** puntos para superar a materia na convocatoria ordinaria.

**Avaliación extraordinaria:**

O alumno ou alumna que non superase a materia de Historia da filosofía na convocatoria ordinaria deberá de presentarse a realizar un exame na **convocatoria extraordinaria**, onde se lle examinará de toda a programación impartida durante o curso académico mediante unha proba que constará de dúas partes: a) O desenvolvemento dunha cuestión e o comentario dun fragmento ilustrativo da mesma. A cualificación máxima desta primeira parte será de **6** puntos (3 para o comentario e 3 para a resposta á cuestión). b) O desenvolvemento dunha cuestión temática. A cualificación máxima desta segunda parte será de **4** puntos. Para superar a materia na convocatoria extraordinaria o/a alumno/a deberá de obter unha puntuación mínima de **5** no exame.

Sarria, a 25 de novembro de 2023.

O/a profesor/a



Asdo: .....



**Materia: PSICOLOXÍA.**

**Curso: 2º BACHARELATO.**

## CONTIDOS

### 1ª AVALIACIÓN

- A psicoloxía como ciencia.
- Fundamentos biolóxicos da psicoloxía.
- Fundamentos sociais da conduta humana.

### 2ª AVALIACIÓN

- Procesos cognitivos básicos.
- Procesos cognitivos superiores I.

### 3ª AVALIACIÓN

- Procesos cognitivos superiores I.
- Procesos superiores cognitivos II.
- Psicopatoloxía.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Consúltense na programación didáctica**

## METODOLOXÍA

Esta materia, polo seu carácter integrador no que se mesturan aspectos científicos con outros humanísticos e sociais, plantéxase como o camiño máis axeitado para estudar o ser humano e as súas manifestacións de xeito holístico. Non debe considerarse o estudo da Psicoloxía no Bacharelato como un simple achegamento a posturas teóricas máis ou menos interesantes sobre a psique humana ( e non humana) senon tamén como un medio polo cal o alumnado acceda ao seu propio coñecemento persoal, e a partir de aí, ao propio desenvolvemento das súas capacidades e aptitudes.

Por todo isto, o traballo na aula estará dirixido a conseguir que o alumnado desenvolva a súa capacidade de aprender a aprender, isto é, seleccionar contidos, analízalos, relacionalos e integralos criticamente. Trátase de que o alumnado poida construír individual ou colectivamente o seu coñecemento máis alá da simple memorización automática de contidos. Aínda que saber é tamén reter na memoria esta retención debe ser comprensiva, adquirida de xeito significativo mediante a interacción cos demais e en profundidade.

Por outra banda, o manexo da información teórica non é suficiente para a consecución dos obxectivos da materia, faise preciso o coñecemento e utilización dalgunha técnica propia da Psicoloxía como ciencia, para que o alumnado poida facer prácticas e realizar experiencias que lle axuden a afianzar o aprendido.

O alumnado debe ser capaz de empregar diferentes fontes de información, dende a propia experiencia, pasando polos coñecementos que lle aportan outras disciplinas, así como os medios de comunicación, webs, libros, manuais, textos e documentos, polo que a metodoloxía activa e participativa faise imprescindible para conseguir este obxectivo.

O profesorado facilitará que o alumnado acceda a resolver problemas científicos, aprendendo a identificar as súas variables principais e a súa solución coherentes cos mesmos.

Ao inicio de cada unidade didáctica expóranse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

As actividades estarán sempre deseñadas e axustadas ás características do alumnado.

No caso de ter que realizar educación non presencial, empregárase a aula virtual àa foros, videoconferencias, entrega de tarefas e mensaxería.

## CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Dividimos os criterios de cualificación nos seguintes apartados:

A) Criterios procedementais necesarios para superar a materia:

1.) Realizarase un traballo trimestral valorado de 0 a 10 puntos. Este traballo deberá de estar feito a ordenador en tipo de letra Arial, tamaño 14, e ter unha extensión máxima dun folio escrito polas dúas caras. Será entregado en formato pdf na data e hora determinada polo profesor mediante email ou Aula Virtual. Todo traballo entregado fóra de prazo non será corrixido e se cualificará cun cero (0), o que suporá un suspenso na avaliación.

2.) O/A alumno/a que presente un traballo copiado de internet será cualificado/a con cero puntos (0). Se dous ou máis alumnos/as entregaran traballos idénticos ou practicamente iguais levarán todos unha cualificación de cero (0). Estas circunstancias se lles advertirán debidamente aos titores legais do alumno/a.

3.) A nota da avaliación se construírá do seguinte xeito: 100% o traballo do trimestre. No caso de que sexa necesario redondear a nota, nas tres avaliacións se seguirá o seguinte criterio: Toda nota que teña como decimal un número igual a 0,5 ou inferior se redondeará ao número enteiro inmediatamente inferior. Toda nota que teña como decimal un número superior a 0,5 se redondeará ao número enteiro inmediatamente superior.

4.) Superarán a materia na convocatoria ordinaria de maio aqueles alumnos que acaden o aprobado segundo os pesos na materia. No caso de que non acadaran o aprobado, o alumnado con avaliacións suspensas deberá recuperalas elaborando e presentando outros traballos feitos a ordenador en tipo de letra Arial, tamaño 14, cunha extensión máxima dun folio polas dúas caras e acadar como mínimo un 5 para poder aprobar. A recuperación das avaliacións suspensas terá lugar no último trimestre do curso.

3.) O alumno ou alumna que non superase a materia de Psicoloxía na convocatoria ordinaria deberá de presentarse a realizar un exame na convocatoria extraordinaria, onde se lle examinará de toda a programación impartida durante o curso académico mediante unha proba que constará de cinco preguntas cunha valoración de 2 puntos cadansúa. Para superar a convocatoria extraordinaria é necesario levar como mínimo un 5 na proba.

B) Criterios de cualificación relativos á redacción e presentación das probas:

1.) Valorarase moi positivamente unha boa presentación da proba, é dicir, xustificar as marxes en todas as follas, teclear correctamente as palabras e non alteralas. O profesor penalizará até un (1) punto como máximo a aqueles traballos onde non se xustifiquen as marxes ou se atopen palabras mal tecleadas ou alteradas. No caso de que a proba presente un número alto de palabras mal escritas ou alteradas, o profesor se reservará o dereito a interromper a lectura da proba. Neste caso, o traballo será cualificado con 0 puntos e así se lle fará constar ao alumno/a na corrección.

2.) Prestarase especial atención á expresión escrita, valorándose positivamente unha correcta construción sintáctica nas frases, un uso adecuado dos signos ortográficos e a utilización dun vocabulario correcto e ben empregado. Valorarase moi negativamente os continuos erros de expresión escrita no exame ou traballo, ben por unha incorrecta estrutura sintáctica, falta de suxeito claro na oración, utilización indebida de signos ortográficos (comas, puntos, signos de admiración ou interrogación, etcétera), ou ben pola utilización dun vocabulario ortograficamente incorrecto ou errado. O profesor poderá penalizar até un (1) punto como máximo o exame que presente continuos erros deste tipo, o que se lle fará constar ao alumno/a na corrección.

C) Criterios de cualificación relativos á exposición dos contidos:

1.) Os/As alumnos/as deben amosar un coñecemento adecuado dos autores, correntes psicolóxicas e filosóficas ou escolas ás que pertencen explicando correctamente os conceptos fundamentais, teses e teorías da materia. Valorarase negativamente o descoñecemento ou falta de

dominio dos conceptos, correntes e teorías psicolóxicas ou filosóficas.

2.) Os contidos do exame ou traballo deben estar organizados e expostos dun xeito lóxico, claro e coherente. Penalizarase a desorde na exposición dos contidos, a falta de rigor conceptual e a incoherencia lóxica na explicación das ideas.

3.) Na comentarios e traballos, valorarase a precisión dos datos aportados, a claridade nas explicacións e o uso correcto dos conceptos. Valorarase moi negativamente a alteración de conceptos, nomes, correntes, teorías e títulos das obras.

4.) Débese empregar un vocabulario psicolóxico e filosófico axeitado e correcto para expor o pensamento dos autores. Valorarase moi negativamente a falta de vocabulario técnico, a introdución de conceptos no discurso sen unha explicación clara do seu significado, así como a alteración de conceptos, entendendo por tal, escribilos de xeito incorrecto e cambialos por outros erróneos, que non existan ou que non teñan nada que ver co asunto a expor.

5.) O/A alumno/a debe cingirse nas respostas do exame ou traballo ao que se lle pregunta. Valoraranse negativamente as probas onde se desenvolvan contidos que non teñen relación directa co que se pregunta ou cuxa relación estea afastada do asunto a tratar ou sexa inustificada.

6.) O alumnado debe amosar a súa madurez elaborando un comentario persoal claro, rigoroso, argumentado e centrado na temática a tratar. Valoraranse negativamente as opinións embarulladas, sen fío argumental, pouco ou nada argumentadas e non centradas no tema que hai que desenvolver.

NOTA FINAL

Convocatoria ordinaria:

Superarán a materia na convocatoria ordinaria de maio aqueles alumnos que acaden o aprobado segundo os pesos na materia. No caso de que non acadaran o aprobado, o alumnado con avaliacións suspensas deberá recuperalas elaborando e presentando outros traballos feitos a ordenador en tipo de letra Arial, tamaño 14, cunha extensión máxima dun folio polas dúas caras e acadar como mínimo un 5 para poder aprobar. A recuperación das avaliacións suspensas terá lugar no último trimestre do curso.

Convocatoria extraordinaria:

O alumno ou alumna que non superase a materia de Psicoloxía na convocatoria ordinaria deberá de presentarse a realizar un exame na convocatoria extraordinaria, onde se lle examinará de toda a programación impartida durante o curso académico mediante unha proba que constará de cinco preguntas cunha valoración de 2 puntos cadansúa. Para superar a convocatoria extraordinaria é necesario levar como mínimo un 5 na proba.

Sarria, a 25 de novembro de 2023.

O/a profesor/a



Asdo: .....